



Ordenanza de Regulamento do rexistro municipal de asociacións do Concello da Pobra de Trives.

Aprobada por el Pleno de este Ayuntamiento con fecha de 1 de Abril de 2005.
Publicada en el Boletín Oficial de la Provincia nº 144, Sábado 25 de Junio de 2005.

Exposición de motivos

Tradicionalmente no ámbito local o asociacionismo ten gran importancia, o cal se viu reforzado recentemente coa Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local que modificou a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que pretende un afondamento na regulación da participación dos veciños nos asuntos municipais.

A dita participación esixe unhas canles normativas específicas e o primeiro paso constitúeo a aprobación dun regulamento polo que se crea e que rexa o Rexistro Municipal de Asociacións.

Artigo 1º.- O obxecto do presente regulamento é a constitución dun rexistro municipal de asociacións do Concello da Pobra de Trives, cuxo obxectivo é permitirle ó Concello coñecer-lo número de entidades existentes no seu territorio, facilita-las relacións entre estas e o Concello, coñecer-los seus fins, representatividade, facilitar e promove-la iniciativa e participación das entidades cidadás na xestión municipal, e regular así o réxime de outorgamento de subvencións municipais a favor das entidades asociativas deste concello.

Artigo 2º.- Poderán solicitar e obter a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións tódalas entidades legalmente constituídas, de funcionamento democrático e sen fin de lucro que teñan por marco territorial de actuación o concello da Pobra de Trives e como obxecto fundamental a defensa, fomento e mellora dos intereses xerais e sectoriais dos cidadáns.

Artigo 3º.- A solicitude de inscrición deberán realizala as entidades interesadas e terán que achegar-los seguintes documentos:

- Copia dos estatutos da entidade e da acta de constitución.
- Enderezo social e código de identificación fiscal.
- Certificación do acordo adoptado polo órgano competente no que apareza a vontade de constituí-la asociación así como a designación da persoa física que a representará, que deberá remitir unha copia do DNI.
- Orzamento do ano en curso.
- Memoria das actividades do ano en curso.
- Certificación do número de socios.

Artigo 4º.- Trala cualificación da documentación achegada, o alcalde disporá, mediante resolución, a inscrición da entidade de que se trate no Rexistro Municipal de Asociacións.

Artigo 5º.- No suposto de que a documentación sexa incompleta ou non reúna as condicións esixidas no artigo 3º, a Alcaldía requiriralle á entidade para que corrixa ou achegue os elementos para tales efectos necesarios, coa advertencia de que de non proceder en tal sentido no prazo de 30 días se terá, despois da resolución da Alcaldía, por desistida e en consecuencia arquivada.

Artigo 6º.- As asociacións inscritas están na obriga de actualizar tódolos anos os datos do rexistro e notificarán, no prazo máximo dun mes, tódalas modificacións que se produzan.

Artigo 7º.-

1. As asociacións inscritas poderán colaborar ou organizar conxuntamente co Concello actos de interese común. Neste caso as asociacións designarán unha persoa membro desta en concepto de delegado e responsable.
2. Na realización de actividades conxuntas co Concello, este terá, en todo caso, a potestade de dirección superior, sen prexuízo da posibilidade de delegar, no membro da entidade referido no apartado anterior, as facultades necesarias para a organización e execución das actividades, en cada caso, previstas.



Artigo 8º.-

1. Sen prexuízo do dereito xeral de acceso á información municipal recoñecido a tódolos veciños, as entidades inscritas poderán recibir no seu enderezo social, se fan a solicitude, as convocatorias e ordes do día dos órganos colexiados municipais.
2. As asociacións inscritas no rexistro municipal poderán solicitar e, se é o caso, obter do Concello a cesión gratuíta de locais e/ou terreos de titularidade municipal, para a realización de actuacións, nos termos impostos pola correspondente resolución da Alcaldía.
3. As entidades inscritas no rexistro poderán recibir do Concello subvencións, e o procedemento de concesión rexerese pola Ordenanza reguladora da concesión de subvencións que aprobe o Concello, e, de se-lo caso, as bases da convocatoria específica de que se trate.

Artigo 9º.- O incumprimento das obrigas previstas nos devanditos artigos deste regulamento poderá determinar, logo do trámite de audiencia pública, e resolución da Alcaldía, a baixa da entidade ou asociación do rexistro municipal e a perda dos dereitos que se derivan da inscrición, incluíndo a obriga de reintegra-las axudas outorgadas polo Concello.

Disposición final:

O presente regulamento entrará en vigor e producirá efectos dende o día seguinte ó da súa completa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresas.